



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Economía Española		Código	760G01025
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Lopez Martinez, Ivan	Correo electrónico	ivan.lopezm@udc.es	
Profesorado	Lopez Martinez, Ivan	Correo electrónico	ivan.lopezm@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia presenta, desde unha perspectiva estrutural, os trazos básicos da economía española, con especial referencia aos aspectos sectoriais, xeográficos (principalmente, a integración na Unión Europea) e institucionais.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A6	Economía e mercado de traballo.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A19	Identificar as fontes de información económica e o seu contido.
A29	Elaborar, implementar e avaliar estratexias territoriais de promoción socioeconómica e inserción laboral.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B4	Capacidade de xestión da información.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.
B10	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade.
B11	Traballo en ámbitos internacionais.
B12	Motivación para a calidade.
B13	Adaptación a novas situacións.
B14	Aprendizaxe autónomo.
B15	Creatividade.
B17	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B19	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B20	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B21	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Identificar, describir e analizar con rigor a realidade socioeconómica española, os seus principais aspectos estruturais, as súas fortalezas e as súas debilidades.	A6 A18	B2 B4 B8 B20 B21	
Interesarse e reflexionar de modo crítico pola situación da economía española, as súas causas, consecuencias e alternativas.	A6 A18 A35	B2 B4 B8 B10 B13 B14 B15 B19 B20 B21	C4 C6
Coñecer o contido e empregar as fontes de información económica relevantes sobre a economía española.	A6 A19 A31	B2 B4 B20	C1 C3 C5 C6 C7
Coñecer, saber interpretar e empregar as fontes de información estatística e os indicadores macroeconómicos relativos á economía española	A6 A18 A31	B1 B2 B4 B8 B14 B20	C1 C3 C6
Transmitir e comunicarse con fluidez, tanto de forma oral como escrita, nun contorno profesional económico, usando a terminoloxía científica e técnica adecuada.	A6 A13 A31	B19 B21	C1 C3 C8
Comprender e realizar informes e diagnósticos sobre a situación da economía española.	A6 A13 A19 A29 A31	B1 B2 B4 B8 B9 B12 B15 B19 B20 B21	C1 C3 C8
Enmarcar a economía española nas dimensións das economías mundial e europea, coñecendo as relacións daquela con estas.	A6	B10 B11 B17	



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: TÉCNICAS DE ANÁLISE ESTRUCTURAL. SITUACIÓN DA ECONOMÍA MUNDIAL	<ol style="list-style-type: none">1) Contabilidade Nacional. Macromagnitudes.2) Balanza de Pagamentos.3) Indicadores socioeconómicos.4) La economía mundial: sus grandes etapas y su configuración actual.
TEMA 2: UNHA PERSPECTIVA A LONGO PRAZO DA ECONOMÍA ESPAÑOLA	<ol style="list-style-type: none">1) Da autarquía ao Plan de estabilización2) O desarrollismo dos anos sesenta3) Transición e crise internacional4) Integración na UE e recuperación5) Dos noventa á actualidade
TEMA 3: OS FACTORES PRODUCTIVOS	<ol style="list-style-type: none">1) O territorio español e os seus recursos naturais2) Evolución demográfica e movementos migratorios en España3) Capital físico, capital humano e capital tecnolóxico da economía española
TEMA 4: A ORIXE SECTORIAL DO PIB.	<ol style="list-style-type: none">1) Análise sectorial da oferta2) A transformación estrutural no ámbito produtivo3) Emprego e produtividade dos sectores económicos
TEMA 5: O DESTINO DO PIB	<ol style="list-style-type: none">1) Análise desde a óptica da demanda2) O consumo privado e o consumo público3) A formación bruta de capital4) O saldo neto externo e a apertura ao exterior da economía española
TEMA 6: A DISTRIBUCIÓN DA RENDA.	<ol style="list-style-type: none">1) A distribución factorial da renda2) Distribución persoal da renda e desigualdades sociais3) As disparidades rexionais e os eixes de crecemento en España e en Europa
TEMA 7: O SECTOR PRIMARIO.	<ol style="list-style-type: none">1) Ámbito e características do sector2) Explotacións agrarias, poboación activa e capitalización3) Producións, prezos e rendas agrarias4) A regulación do sector: a política agraria común (PAC)5) As particularidades dos subsectores pesqueiro e forestal
TEMA 8: O SECTOR SECUNDARIO.	<ol style="list-style-type: none">1) Ámbito e características do sector2) Especialización produtiva e comercial3) Custos laborais, emprego e eficiencia4) O subsector enerxético5) O subsector da construción
TEMA 9: O SECTOR SERVICIOS.	<ol style="list-style-type: none">1) Ámbito e características do sector2) Especialización produtiva e comercial3) Factores produtivos e prezos do sector4) Servizos de mercado e de non mercado: ramas de actividade
TEMA 10: O MERCADO DE TRABALLO.	<ol style="list-style-type: none">1) Enfoques teóricos sobre o mercado de traballo2) A poboación española e a actividade económica3) Emprego e desemprego: etapas e factores explicativos4) A política de emprego e as reformas do mercado laboral
TEMA 11: O SECTOR EXTERIOR E OS ASPECTOS MONETARIOS.	<ol style="list-style-type: none">1) A balanza de pagamentos e o mecanismo de equilibrio externo da economía española2) As operacións por conta corrente3) As operacións por conta de capital e financeira4) A articulación da economía española na Unión Europea5) Os aspectos monetarios no marco da Unión Económica e Monetaria



TEMA 12: EMPRESAS, INNOVACIÓN, SISTEMA FINANCEIRO E SECTOR PÚBLICO.

- 1) Dimensión e concentración espacial e sectorial da empresa española
- 2) Procesos, axentes e vías de acceso tecnolóxicos
- 3) Estrutura, organización e funcións do sector financeiro
- 4) As administracións públicas en España: estrutura, funcións e dimensión

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A6	2	0	2
Sesión maxistral	A6 A18 A19 A35 B4 B10 B11 B12 B17 C3 C4 C5 C6 C7 C8	24	30	54
Presentación oral	A6 A13 A18 A19 A31 B2 B4 B8 B20 B21 C1 C3 C4 C6	4	4	8
Lecturas	A6 A18 A19 B2 B4 B14 B20 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	20	20
Obradoiro	A6 A13 A18 A19 A29 A31 B1 B2 B4 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B19 B20 B21 C1 C3	22	0	22
Proba mixta	A6 A13 A18 A31 B1 B2 B4 B8 B19 B20 C1	2	40	42
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O profesor presentará a materia ao estudante e, se fose o caso, avaliará os seus coñecementos previos
Sesión maxistral	O profesor explicará contidos básicos da materia mediante exposicións orais complementadas con medios audiovisuais e preguntas dirixidas aos estudantes, ca finalidade de transmitir coñecementos e orientar a aprendizaxe.
Presentación oral	O/a estudante deberá presentar oralmente 1 ou 2 temas de actualidade sobre a economía española.
Lecturas	O/a estudante realizaraas sobre aspectos do temario da materia. O profesor poderá seleccionar as lecturas máis oportunas de entre a bibliografía da materia.
Obradoiro	O/a estudante traballará sobre as lecturas programadas. Poderá consistir en dar solución a problemas, ensaios, respostas a preguntas, resumos etc. Poderá ser obxecto de seminarios, debates ou postas en común.
Proba mixta	Proba escrita sobre os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos sobre a economía española. Trátase dos exames oficiais da materia, durante os períodos de exames. Avaliarase o coñecemento dos contidos teóricos e prácticos da materia. Poderá conter unha pregunta onde o/a alumno/a deba expoñer un tema co apoio de datos sobre variable/s relevante/s do programa. Tamén poderá haber preguntas de resposta breve, de resposta múltiple, prácticas etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro Presentación oral	<p>O estudante pode recibir atención personalizada para resolver as súas dúbidas sobre a materia e a supervisión das distintas actividades programadas, principalmente nas titorías no despacho.</p> <p>Para os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación.</p>
--------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A6 A13 A18 A31 B1 B2 B4 B8 B19 B20 C1	Unha ao final do curso. Realizarase en período de exames. Esíxese unha cualificación igual ou superior a 3/10 nela para superar a materia. Poderá incluír unha pregunta onde o alumno deba expoñer un tema co apoio de datos sobre variable/s relevante/s do programa. Ademais do coñecemento dos contidos da materia, valoraranse: - a capacidade de expresión - as capacidades analítica e sintética - a capacidade para argumentar - a capacidade para elaborar un discurso coherente - o dominio da linguaxe técnica e científica	60
Obradoiro	A6 A13 A18 A19 A29 A31 B1 B2 B4 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B19 B20 B21 C1 C3	Varios ao longo do curso, sobre as lecturas programadas. Valorarase en gran medida o esforzo persoal e a aprendizaxe continua. A súa avaliación comprende a lectura previa correspondente.	35
Presentación oral	A6 A13 A18 A19 A31 B2 B4 B8 B20 B21 C1 C3 C4 C6	Valorarase a adecuación do tema exposto á materia, o seu grao de dificultade, o dominio do tema e a habilidade na comunicación oral. Unha ou dúas ao longo do curso.	5

Observacións avaliación



O sistema de avaliación principal e recomendable é o de avaliación continua, que inclúe todos os elementos descritos anteriormente. Este sistema está pensado para unha aprendizaxe continua, e esixe do estudante unha implicación ao longo do curso, tanto na asistencia e participación na aula, como fora dela. Algunhas aclaracións sobre este tipo de avaliación:

Cada obradoiro terá unha avaliación única para cada estudante que a realice.

O conxunto deste tipo de actividades pondera o 35% na cualificación final. Para obter a cualificación de "Non presentado", os estudantes non poderán realizar actividades que ponderen o 20% ou máis na avaliación do curso,

independentemente da cualificación obtida nelas. Mínimos das partes da materia: para superar a materia, cómpre unha cualificación igual ou superior a 3 sobre 10 na proba mixta. Todas as oportunidades de

avaliación se realizarán cos mesmos criterios, manténdose, por tanto, as cualificacións da avaliación continua (obradoiros, presentación oral)

realizadas durante o curso. Estudantes con

recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención de asistencia: deberán comunicarse co profesor nas dúas primeiras semanas de curso e poderán elixir entre:

a) o sistema de avaliación do resto de estudantes adaptado ás súas circunstancias (por exemplo, realizando os obradoiros fóra de horario de clase e enviándoos por correo electrónico) ou b) unha avaliación só con

proba mixta que represente o 100% da cualificación; sería aplicable o descrito para esta proba para o resto de estudantes, salvo que, neste caso, habería que

ter 5 ou máis sobre 10 para superar a materia. Esta elección manteríase para todas as súas oportunidades de avaliación.

Condições de realización da avaliación final. Está prohibido acceder á

aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

En calquera caso, a materia está suxeita e supeditada ás normas e directrices emitidas pola Xunta de Centro, pola Reitoría e outras de nivel superior.

Fontes de información

Bibliografía básica

Alonso, J.A. (dir.) (2015). Lecciones sobre economía mundial. 7ª edición. Civitas, Madrid. García Delgado, J. L. y Myro, R. (dirs.) (2017): Lecciones de economía española, 13ª edición, Civitas, Madrid. García de la Cruz, J. M. (coord.) y Ruesga, S. (dir.) (2014): Economía española: estructura y regulación, 2ª edición, Thomson, Madrid. González Moreno, M. (dir.); Martínez, F.; García, M. M.; Melchor, E.; Genaro, D. y Camacho, J. A. (2013): Temas de economía española, 5ª edición, Tirant Lo Blanch, Valencia. Espínola, J. R. de (2009): Crecimiento y crisis de la economía española (1995-2008), Universitas, Madrid. LLadós, J.; Torrent, J. y Vilaseca, J. (2005): Análisis de la economía española: hacia un nuevo modelo de crecimiento, UOC, Barcelona. Martín Mayoral, F. (coord.) (2009): Manual de economía española: teoría y estructura, Pearson Prentice Hall, Madrid. Navarro, V.; Torres, J. y Garzón, A. (2011): Hay alternativas: propuestas para crear empleo y bienestar social en España, Sequitur, Madrid. Disponible en <http://www.vnavarro.org/wp-content/uploads/2011/10/hayalternativas.pdf> Rallo, A.; Guzmán, J. y Santos, F. J. (coords.) (2001): Curso de estructura económica española, Pirámide, Madrid. Trigo, J. (2005): Ensayos sobre la economía española en el siglo XXI, Gestión 2000, Barcelona. Vallés Ferrer, J. (dir.), Fernández Amador, O. y Caraballo, Mª Angeles (coords.) (2009): Economía española, McGraw-Hill, Madrid.



Bibliografía complementaria	<p>Bibliografía de prácticas: Conde, F. J. y González, S. (1998): Indicadores económicos, Pirámide, Madrid. Delgado, M. J.; De Diego, D. y Peligros, M. C. (2000): Ejercicios de economía aplicada, Ariel, Barcelona. Economist, The (1992): La guía de los números: cómo interpretar las cifras en los negocios, Ediciones del Prado, Madrid. Genaro Moya, M^o D. (2005): Economía aplicada: introducción teórica y práctica, 2ª edición, Tirant lo Blanch, Valencia. Jiménez, J. C.; Fernández-Otheo, C. M. y Garrido, A. (eds.) (2001): Ejercicios y prácticas de economía española, 5ª edición, Civitas, Madrid. Muñoz, C. et alii (2007). Las cuentas de la nación II. Ejercicios, Civitas, Madrid. Picazo, A. J. (coord.) y otros (2003): Prácticas de economía española, Civitas, Madrid. Portela, P. (dir.) (1996): Directorio de fuentes de información de la economía española, Crítica., Barcelona. Informes y fuentes estadísticas de la economía española: Anuario Estadístico (anual); EUROSTAT, Luxemburgo. Anuario estadístico (varios años); Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid. Anuario estadístico de España (anual); INE, Madrid. Balanza de pagos de España (anual); Banco de España, Madrid. Comercio exterior: Anuario estadístico (anual); Eurostat, Luxemburgo. Contabilidad Nacional de España (anual); INE, Madrid. Contabilidad Regional de España (anual); INE, Madrid. Cuentas de las Administraciones Públicas (anual); Ministerio de Hacienda, Madrid. Cuentas financieras de la economía española (anual); Banco de España, Madrid. El stock de capital en España y su distribución territorial (varios años), Fundación BBVA, Bilbao. Encuesta de Población Activa (trimestral); INE, Madrid. Encuesta de salarios en la industria y los servicios (trimestral); INE, Madrid. Encuesta industrial (anual); INE, Madrid. Encuesta sobre la innovación tecnológica en las empresas (varios años); INE, Madrid. Estadísticas del Comercio Exterior de España (mensual); AEAT, Madrid. European Economy (trimestral); Comisión Europea, Bruselas. Indicadores económicos (mensual); INE, Madrid. Informe Anual (anual); Banco de España, Madrid. Informe económico (anual); Fundación BBVA, Bilbao. Informe mensual (mensual); La Caixa, Barcelona. Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral de España (anual); CES, Madrid. Renta nacional de España y su distribución provincial (bianual); Fundación BBVA, Bilbao. Síntesis de Indicadores Económicos (mensual); DGPC del Ministerio de Economía. Tabla Input-Output de la economía española (varios años); INE, Madrid. Sitios web de organismos e instituciones de la economía española: Banco de España: http://www.bde.es BCE: Banco Central Europeo: http://www.ecb.int CES: Consejo Económico y Social: http://www.ces.es DAIE: Departamento de Aduanas e Impuestos Especiales: http://www.aeat.es Eurostat: http://www.europa.eu.int/en/comm/eurostat/serven/home.htm Fundación BBVA: http://www.bbva.es INE: Instituto Nacional de Estadística: http://www.ine.es Ministerio de Economía: http://www.mineco.es Ministerio de Hacienda: http://www.minhac.es Servicio de Estudios de La Caixa: http://www.lacaixa.es Unión Europea: http://www.europa.eu.int</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Introdución á Economía/760G01002
 Economía e Empresa/760G01007
 Estatística Descritiva/760G01018

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



É importante a lectura de

prensa e revistas económicas. Porase ao dispor do/a estudante materiais

varios na fotocopiadora e/ou en Moodle. Recomendacións Sostibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de Xénero:

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable

e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e

sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus

Ferrol": 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen

nesta materia, de se realizar en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase

papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención

de impactos negativos sobre o medio natural3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos

relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e

profesionais 4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de

aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de

xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de

autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e

alumnas?) 5.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e

actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar

valores de respecto e igualdade 6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón

de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas 7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por

razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten

dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida

universitaria

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías